

## **CIG-SAÚDE denuncia que o SERGAS non quere convocar unha reunión de mesa sectorial para abordar as condicións laborais e de saúde laboral do persoal do SERGAS.**

Na Mesa Sectorial que se celebrou hoxe (8 de maio de 2020), o **SERGAS** negouse a convocar unha reunión para abordar as condicións laborais e de saúde laboral do persoal do **SERGAS**, que atende aos doentes COVID-19, tanto no ámbito hospitalario coma na atención primaria; a pesares das reiteradas peticións feitas pola **CIG-SAÚDE**.

Por iso, desde **CIG-SAÚDE** imos dirixirnos ao Ministerio de Sanidade para que lle soliciten ao Sr. Feijóo e ao Conselleiro de Sanidade a información que aquí se negan a dar; e que deberían recoller no plano de desescalada presentado perante o Ministerio.

### **DESDE CIG-SAÚDE EXIXIMOS NEGOCIAR NA MESA SECTORIAL:**

- ◇ **Plano específico de saúde laboral** por servizos e unidades, en hospital e primaria.
- ◇ **Dotación de material de Protección e EPIs.** Exiximos que se publiquen as fichas técnicas do material, para que as/os traballadoras/es coñezan o grao de protección deste material.
- ◇ Lembramos que, segundo os datos do Ministerio de Sanidade, o SERGAS é o 2º servizo de saúde con **maior número de profesionais contaxiados/as.**
- ◇ **Que pensa facer o SERGAS en caso do repunte da pandemia?** Acadar o 1º posto en profesionais da sanidade contaxiados/as?
- ◇ **Plano de Ordenación de Recursos Humanos para dotar de xeito estable as unidades de COVID:** UCI , Hospitalización e hospital de Campaña. Así como para estabilizar todas as prazas estruturais cubertas con contratos eventuais.
- ◇ **Plano de ordenación de Recursos Humanos de Atención Primaria,** no que se identifiquen as necesidades e se dote de profesionais, de todas as categorías, para dar unha asistencia integral e integrada.
- ◇ **Plano de formación presencial,** para todas as categorías, de manexo da pandemia por COVID.
- ◇ **Protocolos específicos de traballo da área administrativa.**
- ◇ Resto de medidas dirixidas a unha **correcta protección da saúde** das/os traballadoras/es.

**Desde CIG-SAÚDE seguiremos presionando ao SERGAS para que teña como prioridade a saúde da poboación e das/os traballadoras/es.**